

FONSECA

Revista da Asociación de Antigo Alumnado e Amizade da Universidade de Santiago de Compostela

N.º 48

2025

Presentación de Alumni USC na Casa de Galicia en Madrid



Sede de Alumni USC en Lugo

XXIX Encontro Alumni España

Exposición

Editorial

Remata o 2025 e cumprimos un ano máis como Asociación. No 2026 celebraremos o 30 aniversario recoñecendo a iniciativa e o esforzo das persoas que impulsaron a creación de Alumni USC en 1996, coincidindo coa celebración do V Centenario da Universidade de Santiago de Compostela. Foron persoas que souberon apreciar a potencialidade que ten para unha universidade contar co seu antigo alumnado, especialmente no caso da USC, pola súa longa e destacada traxectoria.

Alumni USC naceu para ser un vehículo que permita a quen pasaron polas aulas da Universidade compostelá manter vínculos entre si e coa propia institución unha vez rematada a etapa académica. Por iso, queremos fortalecer o sentimento de pertenza, non só entre as persoas egresadas, senón tamén entre o estudantado actual, para espertar o interese por formar parte da Asociación no futuro.

Neste sentido, promovemos actividades que actúan como puntos de encontro e como oportunidades para tecer novas relacións. Contamos tamén cun directorio de persoas asociadas, cuxo obxectivo é facilitar contactos que favorezan tanto proxectos profesionais como encontros persoais para lembrar o paso pola USC.

Cómpre destacar tamén o compromiso de Alumni USC coa promoción de iniciativas que impulsen a empregabilidade, a formación continua e a colaboración entre o tecido empresarial e a Universidade.

O mundo profesional demanda cada vez máis persoas cunha formación que combine unha sólida base académica con competencias avanzadas que lles permitan integrarse nun contexto altamente competitivo. O debate entre as necesidades formativas das empresas e as que ofrece a Universidade vén de lonxe. É fundamental que a USC permaneza conectada coa realidade laboral, ao tempo que se preserva o rigor esixible a unha institución universitaria e se afronta o desafío de adaptarse á rapidez coa que evoluciona o mercado de traballo.

Neste contexto, xorden novas oportunidades de formación dirixidas non só a quen finaliza os estudos universitarios, senón tamén a persoas entre 25 e 65 anos que necesitan actualizarse ao longo da vida. Xogan aquí un papel decisivo as microcredenciais, formacións de curta duración que permiten adquirir competencias específicas para responder a unha contorna en permanente transformación.

A formación non remata cun título: a verdadeira educación é unha viaxe continua. Cadaquén de nós conserva a oportunidade de seguir aprendendo, e en conxunto podemos apoiarnos para crear un impacto maior nas nosas comunidades.

Por outra parte, é importante lembrar que a nosa Universidade se estrutura arredor dos campus de Santiago e de Lugo. Alumni USC comparte a vontade da USC de fortalecer o Campus Terra como motor de desenvolvemento para Lugo e para o conxunto de Galicia,

contribuíndo ao seu recoñecemento como campus de excelencia. Un exemplo disto é a inauguración da sede de Alumni USC na capital lucense, pois o antigo alumnado constitúe un indicador esencial na reputación de calquera universidade.

Para rematar, gustárame mirar cara ao futuro. O ano 2026 resultará especialmente relevante por ser a primeira vez que a Universidade de Santiago estará dirixida por unha reitora. Pasaron cen anos desde que, en 1924, Luisa Cuesta Gutierrez se converteu na primeira muller en impartir unha clase na USC; agora, outra muller accede por primeira vez ao máximo cargo de goberno. Un longo camiño, cheo de dificultades, pero tamén un avance significativo na igualdade de xénero e na visibilización do talento feminino.

Só me queda animaros a formar parte da Asociación, a volver conectar con persoas coas que compartistes etapa universitaria, a colaborar nas diferentes actividades e a manter o compromiso coa USC, especialmente naqueles ámbitos nos que a nosa traxectoria profesional nos permite contribuir máis. Abonda con cultivar o orgullo de pertencer a unha institución que axudou a definir quen somos e como exercemos a nosa profesión.

Grazas pola vosa participación.

LUISA RIVAS GARCÍA
Vicepresidenta de Alumni USC



06
SEDE ALUMNI USC EN LUGO

11
ALUMNI USC
E FEDERACIÓN ALUMNI ESPAÑA

13
ALUMNI USC NA CASA DE GALICIA
EN MADRID

17
XXIX ENCONTRO ALUMNI ESPAÑA

20
ALUMNI USC EN COMPOS(TECH)LA

23
PREMIOS EMPRESARIAS DE GALICIA

24
EXPOSICIÓN
«AS PRIMEIRAS PROFESORAS
DA UNIVERSIDAD COMPLUTENSE
DE MADRID»

28
DESPEDIDA Á XERENTE
DE ALUMNI USC

29
RECANTO DA SAUDADE

30
CLUB DE SENDEIRISMO

36
NOVIDADES EDITORIAIS

37
SOCIOS PROTECTORES



Edita

Asociación de Antigo Alumnado e Amizade da USC

Casa da Concha. Rúa da Conga, 1
Universidade de Santiago de Compostela
15782 Santiago de Compostela
Tel.: 981 580 624
alumni@alumniusc.com
www.alumniusc.gal

Facebook: Alumni USC
LinkedIn: Alumni USC
Instagram: @alumni_usc
Twitter: @AlumniUSC1
Youtube: Alumni USC España

Dirección

Eva López Barrio, presidenta
Luisa Rivas García, vicepresidenta

Documentación

Isabel Pintos Barral

Fotografía

Santi Alvite
Gabinete de Comunicación da USC
Comisión Club de Sendeirismo Alumni

Contracuberta

Acuarela de Margarita Esmorís Ordóñez

Deseño, maquetación, redacción e revisión de textos

Paula Cantero
www.origamiestudio.com

Imprime

Gráficas Garabal

Depósito legal: C 2142-2017



Acto de inauguración da sede da delegación de Alumni USC no Campus Terra de Lugo

Alumni USC conta desde o 5 de decembro de 2025 cun espazo en Lugo. O Salón de Actos da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE) acolleu o acto institucional no que se oficializou a sede da Delegación no Campus Terra e se nomeou como primeiro delegado a José Antonio Pardiñas García, vogal da Xunta Directiva por Lugo.

A mesa inaugural estivo presidida pola delegada do reitor no Campus Terra, Elvira López Mosquera, acompañada pola directora da EPSE, Rosa Romero Franco, e pola presidenta de Alumni USC, Eva López Barrio.

Ao acto asistiron membros do Consello Social da USC con sede en Lugo, decanas e decanos, outros cargos académicos das facultades do Campus Terra, integrantes do profesorado, representantes do alumnado, así como destacados socios e socias de Alumni USC.

Abriu o acto a delegada do reitor para o Campus Terra cun saúdo inicial e a presentación de interventes. O primeiro en tomar a palabra foi o xerente de Cafés Candelas e membro do Consello Social, Ramón Alonso, quen puxo en valor a importancia da Universidade e da formación universitaria para o tecido empresarial e para a innovación permanente. Alonso defendeu a necesidade dunha conexión constante entre o ámbito académico e o socioeconómico, e salientou de xeito expreso o papel de Alumni USC como elemento vertebrador entre a Universidade e a sociedade a través da súa rede de persoas asociadas e colaboradoras.

A continuación, Óscar Manuel Lourenzo, tamén membro do Consello Social, compartiu a súa experiencia como antigo alumno da USC e destacou a relevancia de manter un vínculo activo coa Universidade a través do modelo asociativo de Alumni USC.

Pola súa banda, a directora da EPSE expresou a súa satisfacción por colaborar directamente coa asociación, facilitando un despacho e todos os medios necesarios para o funcionamento da delegación en Lugo, situada na primeira planta do Edificio Central Administrativo. Manifestou a súa convicción da importancia de manter lazos permanentes co alumnado egresado, favorecendo así un fluxo continuo de coñecemento que repercute positivamente na sociedade.

Seguidamente, tomou a palabra a presidenta de Alumni USC, Eva López Barrio, para dar lectura ao nomeamento do primeiro delegado no Campus de Lugo, acordado por unanimidade na Xunta Directiva da asociación, conforme aos seus estatutos, e recollido nunha acta asinada pola propia presidenta e polo secretario, Víctor A. García Dopico, quen ademais asesorou legalmente este proceso.

En resposta ás intervencións anteriores, interveu o novo delegado, José Antonio Pardiñas García, membro da actual Xunta Directiva e profesor xubilado da EPSE. Na súa exposición, trasladou o agradecemento á delegada do reitor pola súa presenza e por presidir o acto, dotándoo de carácter institucional, así como ao conxunto de asistentes por apoiar unha iniciativa que cualificou de estratéxica para Alumni USC e para o Campus Terra.

Pardiñas quixo recoñecer de maneira especial a colaboración da directora da EPSE na posta en marcha da sede, destacando a cesión dun despacho e o acceso aos servizos da Escola. Tamén agradeceu expresamente o labor do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS), cuxo traballo resultou fundamental para garantir o correcto funcionamento da nova delegación desde o seu inicio.

Na súa primeira intervención como delegado, realizou unha invitación formal ao alumnado, a través da representación presente no acto, para que se incorpore a Alumni USC desde os últimos cursos da súa formación e manteña o vínculo coa asociación ao longo da súa vida profesional.



De esquerda a dereita: D. Ramón Alonso, xerente de Cafés Candelas, D. Oscar Manuel, membro do Consello Social, D. José Antonio Pardiñas García, delegado de Alumni USC no Campus Terra de Lugo e D. Carlos Herrero Latorre, exvicerreitor da USC e exvicepresidente de Alumni USC

Este é un momento estratéxico para impulsar Alumni USC no Campus Terra

A continuación, o profesor Carlos Herrero Latorre, antigo vicerreitor da USC e exvicepresidente de Alumni USC, pronunciou a conferencia titulada «Entidades alumni, o seu papel». A súa intervención, clara, concisa e amena, abordou os fundamentos que definen a esencia das entidades Alumni a nivel internacional.

Herrero Latorre comezou definindo o concepto de alumni e a súa importancia como ligazón entre a universidade e a sociedade. Posteriormente, realizou unha análise detallada das funcións destas entidades, destacando o seu papel na conexión entre antigos alumnos e coa Universidade, na promoción do desenvolvemento profesional, no apoio institucional, na captación de recursos e na internacionalización.

Do mesmo xeito, expuxo os principais beneficios destas organizacións para os distintos colectivos:

Para o estudiantado:

- Acceso a programas de mentoría.
- Mellora dos plans de estudos e das prácticas en empresa.
- Oportunidades de emprego e inserción laboral.

- Contacto con alumni con experiencia.
- Orientación profesional.

Para as persoas alumni:

- Pertenza a unha rede interxeracional de prestixio.
- Actualización continua de coñecementos.
- Colaboración coa Universidade.
- Mantemento do contacto con antigos compañeiros e compañeiras.

Para a Universidade:

- Reforzo da súa reputación e imaxe de marca académica.
- Mellora dos plans de estudos e das prácticas docentes.
- Captación de novo alumnado.
- Impulso da colaboración institucional, social e empresarial.

A clausura do acto correu a cargo da delegada do reitor, Elvira López Mosquera, quen expresou a disposición do equipo reitoral para colaborar activamente con Alumni USC e apoiar o desenvolvemento das súas funcións, tanto as recollidas nos estatutos como aquelas que poñan xurdir en resposta aos cambios educativos, sociais, empresariais e tecnolóxicos.



De esquerda a dereita: D.ª Rosa Romero Franco, directora da EPS, D.ª Elvira López Mosquera, delegada do reitor no Campus Terra e a presidenta de Alumni USC, D.ª Eva López Barrio



Na súa intervención, destacou ademais un aspecto relevante derivado do proceso de recreditación do Campus Terra, recentemente informado favorablemente pola Comisión de Avaliación Externa, no documento «Indicadores de seguimento e obxectivos da recreditación do Campus Terra-USC: 2026-2029». Neste recóllese diversas propostas relacionadas co fortalecemento das redes alumni, entre as que figuran a súa institucionalización, a identificación e activación da rede, o fomento da participación a través de canles como boletíns dixitais, o recoñecemento das persoas egresadas e o seguimento e avaliación das accións desenvolvidas.

Como impulsor desta delegación, Antonio Pardiñas García sinalou que este é un momento especialmente oportuno para reforzar a presenza de Alumni USC no Campus Terra, onde aínda conta cun nivel de coñecemento limitado tanto no ámbito universitario como social. Subliñou, ademais, a necesidade de configurar un equipo de traballo con base en Lugo, con novas ideas e capacidade de proxección a medio e longo prazo.

O acto concluíu cun encontro informal na cafetería da EPSE, onde o público puido intercambiar impresións nun ambiente distendido e poñer en común iniciativas futuras.

Con esta nova sede, Alumni USC dá un paso significativo na súa implantación territorial e na consolidación do seu papel como nexos entre a Universidade e a sociedade. ■

D^a Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC e D. José Antonio Pardiñas García, delegado de Alumni USC no Campus Terra de Lugo



A presidenta de Alumni USC entra na Xunta Directiva da Federación Alumni España



Xunta Directiva da Federación Alumni España

O mércores 26 de febreiro de 2025, a Xunta Directiva da Federación Alumni España reuniuse para acordar o nomeamento de Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC, como vogal e delegada da Federación na CRUE (Conferencia de Reitores das Universidades Españolas).

Este recoñecemento supón un avance significativo tanto para Alumni USC como para o conxunto da comunidade universitaria galega, que ve reforzada a súa presenza nun órgano que integra a maioría das asociacións de alumni das universidades públicas e privadas de España.

A Federación Alumni España, da que hoxe forman parte 48 asociacións de antigas alumnas e antigos alumnos, traballa para fortalecer o papel das persoas egresadas no sistema universitario e fomentar espazos de colaboración entre institucións, sociedade e tecido produtivo. A incorpo-

ración da nosa presidenta á súa Xunta Directiva simboliza tamén a consolidación do traballo desenvolvido desde Alumni USC no ámbito estatal.

Unha representación activa na CRUE

En exercicio das súas novas responsabilidades, Eva López participou o luns 12 de maio nunha reunión oficial coa CRUE en Madrid, acudindo como representante da Federación Alumni España xunto co seu presidente, Antonio J. Redondo.

A delegación foi recibida por Gema Luna, representante da CRUE, e polo exreitor da Universidade Politécnica de Valencia, Juan Juliá, nun encontro no que se abordaron cuestións estratégicas para o presente e o futuro das asociacións de alumni do Estado.



D^o. Eva López Barrio no acto de nomeamento como vogal e delegada da Federación na CRUE

Temas clave para unha acción conxunta das Alumnis españolas

Ao longo da xuntanza tratáronse asuntos prioritarios que afectan ao fortalecemento e profesionalización do movemento alumni en España, entre eles:

- Lei de Patrocinio e Mecenado, clave para ampliar vías de financiamento, incentivar alianzas estables e facilitar a captación de recursos para actividades de interese social, cultural e académico.
- Colaboración cos Consellos Sociais das Universidades, considerados aliados fundamen-

tais para reforzar a relación entre universidade, sociedade civil e tecido económico.

- Creación da Federación Alumni Portugal, unha iniciativa que abriría a porta a proxectos transfronteirizos, intercambios e traballo colaborativo entre comunidades alumni da Península Ibérica.
- Desenvolvemento de microcredenciais, un elemento que está a redefinir a formación continua e que ofrece ás persoas egresadas novas oportunidades de actualización profesional.
- Necesidade dun Programa Informático común que permita a xestión integral das 48 asociacións que forman parte da Federación, favorecendo a coordinación, a análise de datos, o deseño de actividades e a comunicación co conxunto das persoas asociadas.

Estes temas, abordados desde unha perspectiva cooperativa, poñen de manifesto o papel estratéxico das comunidades alumni como axentes dinamizadores da vida universitaria e como ponte estable entre a academia e a sociedade.

Un novo impulso para Alumni USC e para o movemento alumni estatal

O nomeamento de Eva López Barrio como vogal da Xunta Directiva da Federación Alumni España reforza o liderado e o compromiso de Alumni USC nun contexto estatal cada vez máis conectado, profesionalizado e orientado á innovación educativa e social.

A súa participación activa na CRUE achega voz, proximidade e capacidade de diálogo a un espazo no que se deciden estratexias de grande impacto para as universidades españolas e para todas as persoas que formaron parte delas.

Para a nosa comunidade, este paso supón maior visibilidade, maior influencia e novas oportunidades de colaboración, tanto a nivel nacional como internacional. ■

Alumni USC en Madrid: unha rede que medra, conecta e proxecta talento máis alá do Camiño

A Casa de Galicia en Madrid acolleu o 5 de marzo de 2025 un dos actos máis significativos na traxectoria recente de Alumni USC: a súa presentación oficial na capital do Estado. Nun encontro que combinou institucionalidade, afecto universitario e espírito de comunidade, reuníronse autoridades galegas, representantes da vida académica e profesional, e nume-

rosas persoas egresadas que comparten o orgullo de pertencer á Universidade de Santiago de Compostela.

Este evento marcou un paso esencial na expansión territorial da asociación e na consolidación dunha rede aberta, plural e inclusiva, que aspira a fortalecer os vínculos entre xeracións e proxectar o nome da USC máis alá das súas fronteiras xeográficas.



De esquerda a dereita: D^o. Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC, Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, Antonio López, reitor da USC, e Luis E. Ramos, director da Casa de Galicia

A presentación oficial de Alumni USC en Madrid reuniu autoridades, académicos e egresados nun acto de orgullo e de comunidade



D^a. Eva López Barrio e Isabel López-Rivadulla, embaixadora de Alumni USC en Madrid

Un inicio institucional que puxo en valor a identidade común

A xornada deu comezo coa intervención de Luis E. Ramos, director da Casa de Galicia, quen deu a benvida ás persoas asistentes e destacou o papel desta institución como ponte entre Galicia e Madrid. A continuación, proxectouse un vídeo de promoción de Alumni USC que permitiu amosar a diversidade, a vitalidade e as aspiracións da comunidade de antigas alumnas e antigos alumnos.

A continuación leváronse a cabo unha serie de intervencións institucionais que reafirmaron o compromiso co proxecto: Eva López, presidenta de Alumni USC; Antonio López, reitor da USC;



e Alfonso Rueda, presidente da Xunta de Galicia, subliñaron, desde cadansúa responsabilidade, a importancia de manter vivo o vínculo universitario ao longo da vida profesional e persoal, así como o potencial transformador dunha rede articulada e activa.

Unha mesa redonda para lembrar a orixe e proxectar o futuro

Un dos momentos centrais do acto foi a mesa redonda protagonizada por personaxes clave na creación e consolidación de Alumni USC: os exreitores Juan J. Casares e Darío Villanueva, xunto con Covadonga Toca, exsecretaria xeral do Consello Social da USC e actual directora xeral do IGAPE.

A través dun diálogo enriquecedor, repasaron os primeiros pasos da asociación, os retos iniciais, as motivacións que impulsaron o seu nacemento e a visión estratéxica que inspirou a súa evolución. Todos coincidiron na importancia de contar cunha estrutura estable de relación

entre a Universidade e as persoas que nela se titulan, capaz de fortalecer o vínculo co tecido empresarial, institucional e cultural, e de abrir novas oportunidades de colaboración e de innovación.

O cóctel final permitiu intercambiar experiencias, contactos e proxectos, evidenciando a diversidade e o talento da rede Alumni USC



Unha embaixadora para tender pontes desde Madrid

A presidenta Eva López presentou oficialmente a Isabel López-Rivadulla como embaixadora de Alumni USC en Madrid, nun momento que puxo en valor o encontro entre persoas egresadas e o fortalecemento dos vínculos coa universidade. Este nomeamento supón un paso relevante para consolidar un espazo de conexión para as persoas tituladas pola USC que viven e traballan na capital española, favorecendo a continuidade da relación coa institución máis alá da etapa académica.

No seu novo papel, Isabel López-Rivadulla comprométese a facilitar a conexión entre profesionais de distintos ámbitos, promover actividades de interese e impulsar sinerxías que xeren novas oportunidades. Ao mesmo tempo, contribuirá a reforzar o sentimento de pertenza a unha comunidade que comparte raíces, valores e unha formación universitaria de excelencia.

Este impulso permitirá ampliar redes profesionais, fortalecer colaboracións, visibilizar talento galego en Madrid e crear proxectos compartidos con impacto real.

Un espazo para o encontro e o crecemento da comunidade

O evento concluíu cun cóctel que serviu como punto de encontro distendido e facilitou o intercambio de experiencias, contactos e proxectos entre o público asistente. Foi un momento de reconexión emocional e profesional, no que se fixeron evidentes a diversidade, o talento e a vontade de colaboración que caracterizan a rede Alumni USC.

Un paso adiante cara a unha comunidade global

A presentación de Alumni USC en Madrid representa un paso importante para fortalecer e expandir a rede de antigo alumnado, ofrecendo apoio, oportunidades e un espazo de pertenza para quen conta cunha titulación, independentemente da súa xeración ou lugar de residencia. Desta forma, Alumni USC consolídase como unha rede dinámica que conecta pasado e futuro. ■



Madrid acolleu o XXIX Encontro de Asociacións de Antigos Alumnos e Amigos das Universidades Españolas

Madrid acolleu a XXIX edición do Encontro de Asociacións de Antigos Alumnos e Amigos das Universidades Españolas, unha cita anual xa consolidada como foro de referencia do movemento alumni no ámbito estatal, que reuniu máis de corenta entidades de todo o país co obxectivo de analizar os principais desafíos do sistema universitario e reforzar o papel estratéxico das redes de persoas tituladas.

Durante dúas xornadas de traballo, profesionais do ámbito académico, representantes institucionais e responsables de asociacións alumni compartiron reflexións e experiencias arredor de cuestións clave como o impacto dos rankings universitarios, o desenvolvemento das microcredenciais ou a mellora da empregabilidade, nun contexto marcado pola transformación do modelo educativo e pola crec-

te necesidade de fortalecer a conexión entre universidades e de persoas tituladas.

Neste sentido, púxose de relevo o papel das redes alumni non só como espazos de vinculación institucional, senón tamén como ferramentas clave para fomentar a colaboración, a innovación e o desenvolvemento profesional ao longo da vida.

Alumni USC estivo representada pola súa presidenta, Eva López Barrio, e pola vicepresidenta, Luisa Rivas García, quen participaron activamente nas sesións co propósito de intercambiar boas prácticas, fortalecer relacións institucionais e explorar novas vías de colaboración en proxectos comúns.

Organizado pola Fundación UNED os días 20 e 21 de novembro baixo o lema «Rankings que marcan o camiño, microcredenciais que impulsan, redes que unen», o encontro contou coa

O encontro reuniu máis de corenta entidades de todo o país co obxectivo de analizar os principais desafíos do sistema universitario

participación de máis de cen asistentes procedentes de máis de corenta universidades. Ademais, estiveron presentes entidades clave do sistema universitario español, como a Coordinadora de Representantes de Estudiantes das Universidades Públicas (CREUP), a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), a Secretaría Xeral de Universidades e a Conferencia de Consellos Sociais das Universidades Españolas, integrantes do Consello Asesor de Alumni España.

O acto inaugural reuniu a destacadas figuras do ámbito universitario, entre elas o reitor da UNED, Ricardo Mairal Usón; o presidente de Alumni España, Antonio José Redondo; a

De esquerda a dereita: D.ª Isabel Pintos Barral, xestora técnica de Alumni USC, D.ª Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC, e Luisa Rivas García, vicepresidenta de Alumni USC



As redes alumni non son só espazos de vinculación institucional, senón tamén ferramentas clave para fomentar a colaboración, a innovación e o desenvolvemento profesional ao longo da vida



delegada do proxecto alumni, María Ángeles González Galán; e o director da Fundación Madrid+d, Federico Morán Abad. No marco desta sesión presentáronse tamén as persoas distinguidas cos Premios Alumni España 2025, nun acto conducido por Fulgencio Prat Hurtado.

Na súa sétima edición, as Distincións Alumni España recoñeceron a traxectoria de Ana Laguna Pérez, da Universidade de Alacante, e de Ricardo Mairal Usón, pola súa contribución ao desenvolvemento e fortalecemento do movemento alumni en España. En ambos os dous casos, agradeceron o galardón e subliñaron a importancia de seguir impulsando redes universitarias activas, colaborativas e con impacto social.

Durante o encontro tivo lugar tamén a reunión do Consello Asesor de Alumni España, na

que se fixo balance das principais actuacións desenvolvidas ao longo do último ano e se presentaron as contas anuais da entidade.

A clausura produciuse no marco da Asemblea Xeral de Socios de Alumni España, presidida por Francisco José Martínez López, na que se deu conta do informe anual e se anunciou que a próxima edición do encontro se celebrará en Santiago de Compostela. A organización correrá a cargo da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela, coincidindo coa conmemoración do seu trinta aniversario.

O presidente de Alumni España pechou o encontro cunha mensaxe de agradecemento ás persoas participantes e, de maneira especial, á UNED polo seu compromiso e polo traballo desenvolvido na organización desta edición. ■



De esquerda a dereita: D.ª Inés Toca, D.ª Elena Vázquez, D.ª Carme Casado, D.ª Eva López, D.ª Covadonga Toca, e D. Senén Barro

Alumni USC, presente no encontro empresarial Santiago en Vivo

Alumni USC estivo presente en Compos(tech)la, a feira de divulgación científica e tecnolóxica enmarcada no programa Santiago en Vivo, compartindo stand coa USC na Alameda de Compostela. Este espazo, concibido como un escaparate aberto de innovación, ciencia e transferencia de coñecemento á sociedade, permitiu achegar á cidadanía o labor dos centros de investigación e

servizos universitarios, así como o papel da comunidade de antigas e antigos estudantes. Polo espazo habilitado por Alumni USC e a Universidade pasou unha ampla representación da sociedade compostelá: antigos reitores como Senén Barro; vicerreitores do actual equipo de goberno da USC, como Gumersindo Feijoo; a directora xeral do IGAPE, Covadonga Toca; actores como Antonio Resines; o coordinador da





D^a Inés Toca Carús, xestora técnica de Alumni USC e D^a Eva López Barrio, presidenta de Alumni USC

área SEPIU da USC, Javier Agrafojo; a exdecana da Facultade de Matemáticas, Elena Vázquez; o director da Real Academia Galega de Ciencias, Juan Lema; xunto cos directivos de Alumni USC, Carme Casado e Modesto Gómez, numerosas socias e socios e outras persoas que se achegaron para coñecer o proxecto e inmortalizar o momento cunha foto.

O encontro reuniu algunhas das empresas máis destacadas con sede en Santiago, procedentes de sectores moi diversos, entre elas a Imprenta Garabal, socia protectora de Alumni USC desde hai anos, e serviu para dar visibilidade tanto ao tecido empresarial local como as posibilidades de colaboración universidade-empresa en ámbitos como a intelixencia artificial, os bioplásticos ou a realidade virtual, a través da participación de centros como o CiTIUS, o CRETUS ou o IGFAE. Durante toda a fin de semana, esRadio Galicia e Radio Líder Santiago ofreceron cobertura en directo, con entrevistas e conexións que achegaron Compos(tech)la e o labor da USC e de Alumni USC ao conxunto da cidadanía. ■



Eva López, premiada polo seu impacto social en Galicia



De esquerda a dereita: D. Modesto Gómez, D^a Eva López, D^a Luisa Rivas, e D. Antonio López, reitor da USC

O galardón recoñece unha traxectoria comprometida co impulso do emprendemento feminino e a igualdade de oportunidades.

López Barrio leva desde o ano 2006 á fronte de Woman Emprende, un programa pioneiro de asesoramento e acompañamento a iniciativas lideradas por mulleres. Ademais, en 2011 impulsou Innovatia 8.3, unha iniciativa do Instituto de las Mujeres orientada a fomentar o emprendemento feminino no ámbito universitario.

Na actualidade, desenvolve o seu labor como técnica na área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago de Compostela, e é tamén presidenta da Asociación de Antigo Alumnado e Amizade da USC.

Durante a súa intervención, a premiada destacou o valor deste recoñecemento: «É bonito que se premie unha técnica en emprendemento en feminino», sinalou. Así mesmo, quixo dedicar o galardón ás emprendedoras galegas e ás traballadoras autónomas, facendo fincapé na necesidade de apoiar o comercio de proximidade.

A cerimonia contou coa presenza de diversas autoridades, entre elas Alfonso Rueda, Pedro Blanco, Antonio López e Goretti Sanmartín. Xunto a Eva López Barrio, tamén foron distinguidas nesta edición Sara Rodríguez, Elena Vitoria, Emma Lustres e Marián Mouriño.

Este recoñecemento pon en valor a importancia de visibilizar o liderado feminino e a diversidade tanto no ámbito científico como no empresarial, reforzando o papel das mulleres como motor de cambio e innovación en Galicia. ■

A economista Eva López Barrio recolleu no Hotel Monumento San Francisco o premio outorgado por Empresarias de Galicia na categoría de impacto social, nun acto celebrado o 14 de febreiro de 2025.

A exposición «As primeiras profesoras da Universidade Complutense de Madrid» visibiliza o papel das pioneiras da docencia universitaria

O Claustro Alto do Colexio de Fonseca da Universidade de Santiago de Compostela acolleu, entre o 16 de outubro e o 28 de novembro de 2025, a exposición itinerante «Las primeras profesoras de la Universidad Complutense de Madrid, anteriormente denominada Universidad Central». A mostra, comisariada pola profesora Violeta Izquierdo e promovida pola Unidade de Igualdade da Universidade Complutense de Madrid (UCM), forma parte do proxecto de investigación Académicas UCM.

A exposición ofrece un percorrido pola traxectoria das primeiras mulleres que accederon á docencia e á investigación na antiga Universidade Central, poñendo en valor o seu papel nun contexto marcado por importantes limitacións sociais e legais. Tras o seu paso por Santiago de Compostela, a mostra continuou o seu percorrido na Universidade da Coruña, mantendo o seu obxectivo de dar visibilidade a estas figuras, aínda pouco coñecidas polo público xeral.

O proxecto expositivo iniciouse o 8 de marzo de 2021, coincidindo co Día Internacional da



Muller, na propia Universidade Complutense de Madrid. Desde entón, foi percorrendo practicamente todas as facultades da institución –25 das 26 existentes–, incorporando progresivamente novas figuras de docentes pioneiras vinculadas a cada centro. A primeira localización da mostra foi a Facultade de Filosofía e Letras, un espazo especialmente simbólico por ser o lugar onde iniciaron a súa actividade docente figuras como Emilia Pardo Bazán, María de Maeztu e María Zambrano.

A comisaria da exposición, Violeta Izquierdo, é profesora de arte na Facultade de Ciencias da Información da UCM e investigadora principal do grupo «Las mujeres en la universidad: docentes, investigadoras y científicas en los siglos XX y XXI». O traballo desenvolvido no marco do proxecto Académicas UCM baséase na revisión do arquivo xeral da universidade, especialmente a través dos libros de nóminas, co obxectivo de identificar e documentar a presenza de profesoras ao longo do tempo.

A exposición contextualiza a incorporación das mulleres ao ámbito universitario, subliñando as dificultades que historicamente tiveron que afrontar. Desde o século XV ata comezos do século XX, a presenza feminina na universidade foi practicamente inexistente, tanto no alumnado como no profesorado.

Entre as excepcións máis temperás figuran figuras como Luisa de Medrano, Francisca de Nebrija ou Beatriz Galindo, coñecida como La Latina, que desenvolveu labores docentes na corte dos Reis Católicos. Xa en 1785 destaca o caso de María Isidra de Guzmán de la Cerda, quen puido cursar estudos grazas a unha Real Orde de Carlos III.

Durante o século XIX, o acceso das mulleres á educación superior seguiu sendo extraordinario e limitado. Casos como o de Concepción Arenal, quen tivo que disfrazarse de home para asistir ás clases de Dereito; ou o de María Elena Maseras, que estudou Medicina na Universidade de Barcelona con autorización real, ilustran as dificultades existentes. A estas pioneiras sumáronse posteriormente Dolores Aleu, primeira muller en exercer a medicina en España tras doutorarse (e despois de superar episodios como o de ser recibida a pedradas na porta da facultade), e Martina Castells, tamén formada no ámbito sanitario.

A partir de 1888 permitiuse o acceso das mulleres á universidade, aínda que de forma restrinxida: podían examinarse, pero non asistir libremente ás aulas (para isto debían solicitar permiso e facelo acompañadas do catedrático, nunca xunto aos compañeiros varóns). Esta situación mantívose ata a Real Orde do 8 de marzo de 1910, que autorizou a matrícula feminina en igualdade de condicións cos homes. Ata ese momento, estímase que apenas unhas 80 mulleres accederan á universidade en España.

A normalización do acceso aos estudos superiores non implicou unha incorporación inmediata ao exercicio profesional nin á carreira académica. A posibilidade de acceder a prazas mediante oposición chegou máis tarde. Un fito destacado foi o nomeamento de Ángeles Galino



De esquerda a dereita: D.ª Eva López, presidenta de Alumni USC, D.ª Sonia E. Rodríguez, delegada do reitor para a Igualdade da USC, D.ª Pilar Murias, vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC, D.ª Isabel Tajahuerce, delegada do reitor para a Igualdade da UCM, e Violeta Izquierdo, comisaria da exposición

Carrillo como primeira catedrática por oposición en 1953, na especialidade de Pedagogía na Universidade Central de Madrid.

Antes diso, producíronse casos excepcionais como o de Emilia Pardo Bazán, nomeada catedrática en 1916 por designación do rei Afonso XIII, en recoñecemento aos seus méritos literarios, aínda que non mediante o procedemento académico ordinario.

A evolución da presenza feminina na universidade tamén se reflicte no incremento do alumnado. No curso 1909-1910 apenas había 13 alumnas na Universidade Complutense de Madrid. Unha década despois, no curso 1919-1920, a cifra ascendera a 345, e en 1927-1928 xa eran 1.681 estudantes nas cinco facultades existentes daquela: Farmacia, Medicina, Filosofía e Letras, Dereito e Ciencias. Inicialmente, as mulleres orientábanse cara a estudos vinculados á saúde, buscando tamén unha saída profesional.

Co avance das décadas, producíronse novos progresos, como o acceso das mulleres ás opo-

sicións de notarías e rexistros a partir de 1931, o que impulsou a súa presenza na Facultade de Dereito. Porén, a Guerra Civil española supuxo unha interrupción significativa neste proceso de incorporación feminina á universidade.



A exposición constitúe unha homenaxe ás profesoras que abriron camiño nun contexto adverso, contribuíndo ao desenvolvemento da docencia e da investigación en España. O proxecto busca non só documentar a súa presenza, senón tamén recuperar unha memoria historicamente invisibilizada.

Noventa anos despois do inicio da Guerra Civil, iniciativas como Académicas UCM e esta

exposición itinerante permiten reflexionar sobre o pasado e recoñecer o esforzo de todas aquelas mulleres que, a pesar das dificultades, lograron abrirse paso no ámbito académico. O obxectivo é que este labor de divulgación continúe ampliándose e chegando a novos públicos nos próximos anos, fortalecendo así a memoria colectiva e social, especialmente entre xeracións novas.

A Asociación despide con gratitude e agarimo a Inés Toca tras décadas de entrega

A Xunta Directiva e integrantes de Alumni USC quixeron expresar o seu agradecemento e cariño a Inés Toca Carús, xestora da entidade durante os últimos vinte anos, corazón da asociación e historia viva da entidade. Con motivo da súa xubilación, a comunidade universitaria despediuna con gratitude e co recordo emocionado tanto da súa impecable labor profesional como da súa calidade humana e do seu trato sempre próximo.

Dende a súa incorporación no ano 2004, Inés non só foi o motor administrativo da asociación, senón tamén o rostro amable que recibía cadaquén da comunidade. A súa xestión caracterizouse por unha empatía pouco común, convertendo o despacho nun espazo de escoita e de solucións onde nunca faltou un sorriso nin unha palabra de ánimo.



Unha traxectoria marcada polo compromiso

Durante o seu tempo ao fronte da xestión, Inés foi peza fundamental en varios dos fitos máis importantes na historia de Alumni USC. Por unha banda, a súa contribución foi imprescindible na posta en marcha de proxectos como os premios que entrega a institución ou o portal de emprego. Tamén tivo un rol protagonista na modernización dos servizos de atención ás persoas asociadas e exerceu un papel clave no fortalecemento do tecido asociativo local grazas á súa capacidade de mediación e ao diálogo.

Xantar de despedida

Para celebrar a súa traxectoria e agradecerlle tantos anos de dedicación por e para a asociación, os seus amigos e amigas de Alumni USC xuntáronse para un xantar no Palacio do Carme. No transcurso da comida, que transcorreu entre recordos e conversas con amigas e persoas próximas, levouse a cabo un pequeno acto de homenaxe.

A Asociación desexoulle a Inés unha xubilación chea de saúde, viaxes e momentos de lecer, sabendo que esta sempre será a súa casa. ■

Recanto da Saudade

Vodas de ouro de Dereito. O 12 de xullo de 2025 celebrouse o acto conmemorativo das vodas de ouro da promoción de Dereito. A xornada incluíu o descubrimento dunha placa no Recanto da Saudade, no que estivo presente Teresa Bouzada Gil, integrante da directiva de Alumni USC. O socio Evaristo del Río Castromil formou parte da comisión organizadora do evento, mentres que o expresidente de Alumni USC, Perfecto Yebra, actuou como representante do profesorado da promoción.



Vodas de prata de Veterinaria. O 26 de setembro de 2025, a promoción de Veterinaria celebrou as súas vodas de prata cun encontro conmemorativo na Facultade de Lugo. O programa incluíu o descubrimento dunha placa no Recanto da Saudade e unha xuntanza nas instalacións da facultade. No acto participaron a presidenta, Eva López Barrio, membros do equipo decanal e representantes do Colexio de Veterinarios de Lugo.



Un ano percorrendo natureza e patrimonio

O ano pasado foi moi especial para o Club de Sendeirismo de Alumni USC, cheo de camiñadas, risas e bos momentos compartidos. Ao longo dos meses fomos descubrindo novos camiños, gozando da natureza e, sobre todo, pasando tempo en compañía, reforzando o espírito de grupo que fai do noso club algo máis ca un lugar para camiñar. Tentando sempre seguir cara adiante, apoiándonos entre nós, sabendo que o esforzo compartido achega as persoas, cada ruta vivida ao longo do ano foi unha mostra desta forma de ver a actividade física.

Cambios introducidos pola comisión

Esta comisión introduciu dous cambios significativos: realizar dúas saídas ao mes –o que require planificación, execución e control por parte da organización– e proporcionar información sobre cada saída. Quen adoitamos a camiñar pola natureza sabemos de onde saímos e onde imos, pero facémolo de xeito automático, sen coñecermos as contornas dos camiños percorridos: ríos, montes, igrexas... apenas quedan unhas cantas fotos do noso paso. De aí a importancia de contar cun pequeno resumo previo da etapa cos datos de interese, para que ao final do ano cadaquén poida facer a súa memoria persoal de todas as andainas.

Tipos de andainas

As andainas realizadas foron de dous tipos: curtas e longas (ou próximas e afastadas). Para o

2026, nas curtas eliximos o Xiro Longo, un percorrido de 97 km que rodea a capital de Galicia, polas aldeas de Santiago menos coñecidas, con vistas inéditas da cidade. Nas longas, continuamos co Camiño Taverneiro.



© Amigos do Camiño Taverneiro

De Valença do Minho a Vilanova da Cerveira

O percorrido discorreu pola ecopista desde Valença do Minho (saída da área recreativa de

Nossa Senhora da Cabeça) ata Vilanova da Cerveira, en Portugal: unha ruta lineal duns 15 km co río Miño como compañeiro principal. Pola tarde, visita guiada á Catedral e Museo Catedralicio Diocesano de Tui.



1.ª ruta (01.02.2025) De Valença do Minho a Vilanova da Cerveira. Abaixo, fotografía do grupo na Catedral de Santa María de Tui

Cada ruta vivida ao longo do ano foi unha mostra de apoio mutuo e de reforzo do espírito de grupo





2.ª ruta (22.02.2025) De Valença do Minho a Monção. Foto do grupo no Pazo da Brejoeira en Monção

De Valença do Minho a Monção

O percorrido discorreu pola ecopista desde Valença do Minho ata Monção, en Portugal, un fermoso trazado lineal duns 16 km. Pola tarde, realizouse unha visita guiada ao histórico Pazo da Brejoeira en Monção.

1.ª etapa Camiño Taverneiro: De Salvaterra do Miño a Ponteareas

En marzo comezamos o desafío de completar o Camiño de Ignacio Taverneiro, peregrino histórico de Santa Baia en Ponte Caldelas, que percorreu este camiño en 1874 e finou

4.ª ruta (26.04.2025) 2.ª etapa Camiño Taverneiro: De Ponteareas a Pazos de Borbén



3.ª ruta (29.03.2025) 1.ª etapa Camiño Taverneiro: De Salvaterra do Miño a Ponteareas

na estrada ao regresar do Xubileo, deixando un legado de tradición e cultura. Este camiño era usado nas peregrinacións portuguesas de Braga a Santiago de Compostela; variante do Camiño Portugués que cruza a provincia interior de Pontevedra. Saímos da antiga fortaleza (séculos XI-XII) e seguimos o río Miño, pasando

polo Parque da Canuda, o maior de Galicia, con máis de 200.000 m². A etapa discorreu xunto ao río Tea, cheo de pesqueiras históricas para a lamprea, durante 13 km, só abandonando o río 3 km antes de chegar á vila de Ponteareas, contemplando paisaxes, pontes antigas e paraxes de gran beleza.




5.ª ruta (31.05.2025) 3.ª etapa Camiño Taverneiro: De Cuartos de Borbén ao encoro de Eiras

2.ª etapa Camiño Taverneiro: De Pontearreas a Pazos de Borbén

O percorrido, desde Pontearreas ata o polideportivo de Borbén (entre O Mosteiro e Pazos de Borbén, concello de Pazos de Borbén), presentou

unha lonxitude duns 15 km aproximadamente, cun traxecto agradable e variado. Trátase da segunda etapa do Camiño Taverneiro, recortada nos últimos 4 km. Despois de xantar, realizouse visita a Mondariz Balneario coa colaboración do catedrático da USC Xoán Carmona.



6.ª ruta (29.11.2025) Roteiro por Santiago, con visita ao Castelo da Rocha

As rutas curtas, como a visita ao Castelo da Rocha ou ao Pico Sacro, foron un éxito pese á choiva

Ruta por Santiago, con visita ao Castelo da Rocha

Innovación das rutas curtas que se levou a cabo con éxito, pese á choiva. O trazado partiu do Feuga pola Codeseira de Vidán, Ponte Vella de Abaixo, Fonte de Santo Domingo e visita ao Castelo da Rocha –guiados por Carlos Delgado, presidente da comisión de veciños da Rocha Vella e responsable do castelo, baixo choiva torrencial–. Rematou precipitadamente polo tempo cun xantar na cafetería do Auditorio de Galicia.

Roteiro polo Pico Sacro

Saída desde Lestedo, cun percorrido duns 5 km ata o pico, a ritmo tranquilo. Faise unha parada no centro de interpretación, coa guía do Concello, para coñecer a contorna. Visítase a igrexa de San Lourenzo da Granxa, así como as covas e a ermida. De volta en Lestedo, o xantar ten lugar nunha polbeira. Na sobremesa, compártense lecturas e contos para pechar a xornada.

Rematamos o ano e os alumni collemos forzas para seguir facendo e percorrendo camiños en grupo. ■

3.ª etapa Camiño Taverneiro: De Pazos de Borbén ao encoro de Eiras

Desde Pazos de Borbén ata o peto de ánimas de Barbudo (uns 15 km), con parada final anticipada no encoro de Eiras –que fornece de auga a Vigo– a causa do forte calor. Despois de xantar, visita guiada ás casas indianas de Ponte Caldeas co arqueólogo Alberte Reboreda.


Despois do verán, as andainas suspendéronse ata novembro. Nesa altura fíxose cargo do programa unha nova comisión xestora do sendeirismo, formada por Evaristo del Río Castromil, Germán Diz Arén, Ramón Lois Lorenzo, Enrique López Lorenzana, Federico López Paz, Marisol Pintos Peñaranda, Gonzalo Sanabria Ponce e Celia Yebra-Pimentel Rodríguez, coordinados por Enrique.

7.ª ruta (13.12.2025) Roteiro polo Pico Sacro



SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E INTERCAMBIO CIENTÍFICO DA USC

COMO FACER COUSAS CON PALABRAS




Autor:
John L. Austin
Colección:
Clásicos do pensamento
universal
ISBN: 9788410142428

MUSEALIZAR EL ARTE DEL EXILIO GALLEGO



Coordinadora:
Inmaculada Real López
Colección:
USC Editora. Clave
ISBN: 9788410142732

RAMÓN DEL VALLE-INCLÁN. EL TRUENO DORADO: EDICIÓN FACSIMIL, DIPLOMÁTICA Y CRÍTICA DE LOS MANUSCRITOS




Autor:
Javier Serrano Alonso
Colección:
Biblioteca de la Cátedra
Valle-Inclán
ISBN: 9788410142633

O REI SABIO: UN PRÍNCIPE CRISTIÁN, A IBERIA MUSULMÁ E AS ORIXES DO RENACEMENTO



Autor:
Simon Doubleday
Colección:
Kátaba. Estudos Medievais
ISBN: 9788410142671

AS ARESTAS DA SUSTENTABILIDADE




Autor:
Gumersindo Feijoo
ISBN: 9788410142879

UN FORMIGUEIRO DE MULLERES: AS 'TRAPICHEIRAS' DO MIÑO



Autora:
Natalia Jorge Pereira
Colección:
Premios Xohana Torres de
Investigación e Ensaio
ISBN: 9788410142817

PATRIMONIO LÚDICO GALEGO: INVESTIGACIÓN, RECURSOS E DIVULGACIÓN DOS XOGOS TRADICIONAIS



Autoría:
Silvia López Gómez
Apolinar Varela
Manuela Vázquez Coto
ISBN: 9788410142855

LUISA CUESTA GUTIÉRREZ: PRIMEIRA PROFESORA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Autoras:
Ana Cabana Iglesia
Aldara Cidrás Fuentes
Colección:
Pioneiras da USC
ISBN: 9788410142695

Máis información: usc.es/publicacions

SANTIAGO DE COMPOSTELA E LOCALIDADES CORUÑESAS

Lembranza

CAFETERÍA LEMBRANZA
Rúa Montero Ríos, 39
15701 Santiago de Compostela
Tfno: 981 593 636
www.cafeterialembianza.com



LIMPIEZAS SALGADO
Rúa Fernando III El Santo, 41
15701 Santiago de Compostela
Tfno: 981 599 089
www.salgadolimpiezas.es



LIBRERÍA FOLLAS NOVAS
Rúa Montero Ríos, 37
15706 Santiago de Compostela
Tfno: 981 594 406
Email: follasnovas@follasnovas.es
www.follasnovas.com



U.NA GRUPO BUSINESS GLOBAL
Avda. Barcelona, 33, local 1.º A
15706 Santiago de Compostela
Tfno: 902 150 152
www.unagrupo.com



LÁPICES 4
Avda. da Coruña, 4 baixo
15701 Santiago de Compostela
Tfno: 981 580 429
www.lapices4.com



CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa da República Checa, 40
15707 Santiago de Compostela
Email: camara@camaracompostela.com
www.camaracompostela.com



HOTEL MONUMENTO SAN FRANCISCO
Rúa Campillo de San Francisco, 3
15705 Santiago de Compostela
Tfno: 981 581 634
www.sanfranciscohm.com



GRÁFICAS GARABAL
Codesedas, 5 (Figueiras)
15897 Santiago de Compostela
Email: graficascarabal@graficascarabal.es
graficascarabal.es



CARROCERA CASTROSUA
Estrada da Coruña, km 59,5
15890 Santiago de Compostela
Tfno: 981 552 460
www.castrosua.com



PAPELERÍA XAQUÍN
Rúa Nova de Abaixo, 14
15701 Santiago de Compostela
Tfno: 981 599 451
Email: px@papelerialxaquin.com



VÍA LÁCTEA COMUNICACIÓN
Praza Nosa Señora da Mercé de Conxo, 6, 1.º C
15706 Santiago de Compostela
Tfno: 981 554 407
www.vialactea.es



GENERADORES EUROPEOS
Parroquia de Cortiñán, D-13-14
15165 Bergondo (A Coruña)
Tfno: 981 674 156
Email: comunicacion@genesal.com
www.genesalenergy.com



GRUPO INTAF
Ctra. de Cedeira, km 1,5
15570 Narón (A Coruña)
Tfno: 981 397 142
Email: intaf@intaf.com
www.intaf.com

LUGO E OUTRAS LOCALIDADES LUCENSES



RESTAURANTE FONTE DO REI
Avda. de Madrid, 5 e 63
27002 Lugo
Tfno: 982 245 608 / 982 223 711
www.fontedorei.es



PRELO
Ronda da Muralla, 34 baixo
27002 Lugo
Tfno: 982 280 359
www.prelo.es



EL PROGRESO
Rúa Ribadeo, 5
27002 Lugo
Tfno: 982 298 146
www.elprogreso.es



ARESA
Avda. de Madrid, 187 | 27002 Lugo
Tfno: 982 222 400
Avda. de Breogán, s/n | 27370 Rábade, Lugo
Tfno: 982 390 371
www.aresa-agricola.com



AMSLAB
Avda. Benigno Rivera, 56 | 27003 Lugo
Tfno: 982 808 074
www.ams-lab.com



LIBRERÍA BAHÍA
Rúa Mariña, 42 baixo | 27780 Foz (Lugo)
Tfno: 982 140 434
Email: info@libreriabahia.com

PONTEVEDRA E OUTRAS LOCALIDADES PONTEVEDRESAS



CONEJOS GALLEGOS COGAL
Alceme
36530 Rodeiro (Pontevedra)
Tfno: 986 790 100
www.cogal.net



BODEGAS TERRAS GAUDA
Estrada Tui-A Guarda, km 55
36760 O Rosal (Pontevedra)
Tfno: 986 621 111
www.terrasgauda.com



GUIMERÁNS TROFEOS
Rúa Cobián Roffignac, 19 baixo
36007 Pontevedra
Tfno: 986 167 176



FUNDACIÓN ROBERTO
Pazo de Sestelo, 9
36547 Siador - Silleda (Pontevedra)
Tfno: 624 218 911

LABORICIA

Portal de Empleo de Alumni USC

**BUSCAMOS
EMPRESAS
COMO A SÚA!**

Gustaríalle contribuír ao fomento da captación e retención de talento en Galicia de recentes egresados/as?



Publique neste espazo a súa variedade de ofertas de emprego e acceda a nosa ampla carta de demandantes rexistrados/as

www.laboricia.alumniusc.gal

PODE REXISTRARSE ACCEDENDO AO SEGUINTE FORMULARIO:



alumni@alumniusc.com 981 580 624 - 881 812 907 - 640 034 339

